

Xerardo Quintiá e Xesús Fraga presentan *Tempo de correspondencia*: "Introspección é unha das palabras que definen as nosas cartas"

Xerardo Quintiá (Friol, 1970) dialoga con Xesús Fraga en *Tempo de correspondencia* (Xerais), unha obra epistolar nacida da súa amizade e que reivindica a escrita como espazo de comprensión. Cartas para pensarnos, lembrar, falar da creación, da depresión e do tempo presente desde a palabra compartida.

Sergio Casal 13 de xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/xerardo-quintia-presenta-xunto-xesus-fraga-tempo-correspondencia/20260113215558244272.html>

—Como naceu esta obra epistolar: máis do azar ou da necesidade de comunicarse entre vostedes?

A verdade é que poden confluír estas dúas perspectivas. Primeiro foi algo totalmente azaroso, no sentido de que xurdiu dun correo electrónico que Xesús me envía a min e que eu, de forma azarosa, lle devolvo cunha resposta un pouco máis longa do que é habitual hoxe en día.

A partir de aí, propoñolle establecer unha correspondencia e despois a verdade é que foi fluíndo todo dunha maneira moi natural. Pouco a pouco foise dando tamén esa necesidade de escribir e ler o que nos escribira o outro.

—Que é o que ofrece este formato epistolar á hora de crear a obra?

Desde o meu punto de vista, este formato ofreceume a posibilidade de poder achegarme con toda a naturalidade do mundo a un ton confesional. Isto pasaba porque sabía que ao outro lado desa escrita que facía había unha persoa que ía ler o que enviaba e que ía interactuar co meu texto.

—Nas cartas aparece a amizade como espazo de pensamento: que papel xoga na obra?

A verdade é que xoga un papel moi importante porque, grazas a esa amizade que temos desde hai anos, podemos compartir un espazo emocional sobre o que os dous reflexionamos en cada unha das cartas. Se non existise esta amizade, as cartas se cadra non existirían ou serían outro xeito. Probabelmente serían cartas completamente distintas.

—O libro reflexiona sobre a depresión e o paso do tempo, entre outras cousas. Foi escribir tamén un traballo introspectivo, ademais dunha experiencia compartida?

Ao longo destas cartas ambos reflexionamos sobre distintos temas como a infancia, o traballo, o propio feito da escrita, os gustos persoais de cada un respecto de eidos como a literatura, a música ou o cine; un proceso de depresión polo que ambos pasamos... Este último tema vai aparecendo en distintas cartas ao longo desa correspondencia, pero tampouco falamos disto de forma exclusiva. Se cadra unha das palabras que mellor define o ton de todas estas cartas é introspección, porque o noso modo de abordar estes temas é a través dun sentido moi confesional a respecto do que é cada un e do que compartimos co outro.

—Que lugar ocupa a memoria neste diálogo compartido con Xesús Fraga?

A memoria ten un espazo bastante determinante porque arrastramos cousas non só das nosas propias vivencias individuais, senón tamén dalgunhas vivencias que fomos compartindo entre os dous ao longo do tempo. Ao fin e ao cabo, Xesús tamén estivo moito tempo traballando en Lugo.

—Nun tempo de comunicación constante e inmediata, cal é o valor que pode ter o acto de escribir estas cartas de forma pausada?

Certamente ten un valor engadido. Este feito de pausarse a escribir deste modo non é algo habitual, e moito menos hoxe. Xa non estamos afeitos a comunicarnos desta maneira. A comunicación hoxe en día é moito máis rápida e inmediata. Entón, o feito de buscar este tempo para dedicarlle á comunicación interpersonal ten ese valor que, dalgunha maneira, transcende.